RÚBRICA: APRENDER A APRENDER

	ÓPTIMO	NOTABLE	ACEPTABLE	INSUFICIENTE
Esforzo e actitude	Amosa capacidade de **atención, concentración e memoria**. **Intéresase** nas actividades de clase. Amosa curiosidade, **motivándose**, e **esfórzase na comprensión de conceptos**.	Case sempre amosa capacidade de **atención, concentración e memoria**. **Habitualmente intéresase** nas actividades de clase. Xeralmente amosa curiosidade, **motivándose**, e **esfórzase na comprensión de conceptos**.	Ás veces perde a **atención e concentración e cústalle memorizar**. **Non sempre se interesa** nas actividades de clase. Ás veces amosa certa curiosidade, **motivándose**, pero **non persevera na comprensión de conceptos**.	Xeralmente non presta **atención e perde a concentración e cústalle memorizar**. **Non manifesta interese** nas actividades de clase. Non amosa curiosidade, **nin interese na comprensión de conceptos**.
Organización e habilidades	Amosa habilidades para iniciarse na aprendizaxe, plantexándose preguntas, definindo metas… **Organiza e planifica** axeitadamente as súas tarefas. **Prioriza** nos traballos os aspectos **esenciais fronte aos secundarios**.	Amosa certas habilidades para iniciarse na aprendizaxe, plantexándose preguntas, definindo metas… **Organiza e planifica** as súas tarefas pero non sempre é quen de cumprir coa planificación. **Xeralmente prioriza** axeitadamente os aspectos **esencias fronte aos secundarios**.	Ten as habilidades básicas para iniciarse na aprendizaxe. **Comete erros na organización e planifica** das súas tarefas pero non sempre é quen de cumprir coa planificación. **Cústalle diferenciar** os aspectos **esencias fronte aos secundarios**.	Precisa de moita axuda para inicarse na aprendizaxe. Non planifica nin organiza as tarefas polo que non entrega os traballos ou faino fora de prazo. Non prioriza os aspectos esencias fronte aos primarios.
Estratexias e xestión da aprendizaxe	Selecciona adecuadamente **técnicas de estudo** e **estratexias de resolución** de exercicios ou problemas a partir de experiencias de situación semellantes. **Analiza, organiza e sintetiza** conceptos e infire conclusións, sendo capaz de **elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumes** de moi boa calidade.	Coñece distintas **técnicas de estudo** e **estratexias de resolución** de exercicios ou problemas, seleccionándoas xeralmente con bo criterio. **Analiza, organiza e sintetiza** conceptos e infire conclusións, sendo capaz de **elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumes**.	Coñece distintas **técnicas de estudo** e **estratexias de resolución** de exercicios ou problemas, pero non sempre as selecciona con acerto. **Os seus mapas conceptuais, esquemas ou resumes** demostran unha análise ou síntese de conceptos pouco clara ou insuficiente.	Non aplica distintas **técnicas de estudo** e **estratexias de resolución** de exercicios ou problemas. **Non é quen de facer de inferir conclusións nin de facer mapas conceptuais, esquemas ou resumes**.
Autonomía e capacidade de autoavaliación	**Avalía** criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. **Utiliza os recursos ao seu alcance** para documentarse naquelo que descoñece, ou como apoio para realizar as tarefas. **Recurre aos seus coñecementos previos** para fixar conceptos e interpretar información.	**Avalía** satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. **Xeralmente documéntase** e utiliza os recursos ao seu alcance ou apoia nos **coñecementos previos** para a realización de tarefas	**Avalía** as súas producións pero non obtén conclusións de dito proceso. **Non sempre** se documenta ou se apoia nos coñecementos previos para a realización de tarefas	**Non avalía** as súas producións. **Non se documenta** nin se apoia nos coñecementos previos para a realización de tarefas